

En recentes declaracións, o noso actual Presidente da Xunta en funcións, o señor Núñez Feijoo, agora candidato do Partido Popular, dicía que “*en Galicia fixemos de formigas mentres outros fixeron de chicharras*”, en alusión a que durante o seu mandato se fixera un control do déficit mellor que o que se fixo noutras Comunidades Autónomas.

Se lembramos o conto da formiga e a chicharra, a primeira pasaba o verán traballando e aforrando para superar o inverno, mentres que a segunda malgastaba canto tiña.

Segundo datos do Banco de España, publicados recentemente (pódense ver en: www.bde.es/webbde/es/estadis/infoest/htmls/cdp.html), a débeda pública de Galiza pasou de *3954 millóns de euros en 2008*, antes da chegada de Feijoo á Xunta, a *7627 millóns en 2012*, cando convoca as eleccións, como se pode comprobar no cadro de abaixo:

13.9 Deuda por Comunidades Autónomas. (a) Valores absolutos

	Gali- cia	
	12	Millones de euros
95	2 140	
96	2 380	
97	2 564	
98	2 739	
99	2 982	
00	3 072	
01	3 118	
02	3 157	
03	3 186	
04	3 265	
05	3 381	
06	3 535	
07	3 712	
08	<u>3 954</u>	
09 III	4 454	
IV	4 842	
10 I	5 304	
II	5 604	
III	5 869	
IV	6 161	
11 I	6 176	
II	6 923	
III	6 971	
IV	7 009	
12 I	7 381	
II	<u>7 627</u>	

Esta era a débeda acumulada durante 28 anos das 7 lexislaturas desde o inicio da Xunta de Galiza.

Durante os 4 anos da lexislatura de Alberto Nuñez Feijoo, esta débeda case se duplicou. Resulta que o Presidente "formiga" malgastou en 4 anos máis de 3.500 millóns de euros, deixando a débeda pública en 7.627 millóns.

Mentres Feijoo "aforraba como unha" a débeda pública en máis de 3.500 millóns. Ese suposto aforro, esa austeridade, para ir recortando máis e máis dereitos. Como exemplo destes recortes, o que do SERGAS fomos perdendo:

* Suspensión dos acordos retributivos

* Eliminación do Plan Mellora, coa perda de traballo que estaban xa orzamentado

* Perda de postos de traballo por mor da plataforma loxística, cociñas, fisioterapia

* Imposición da taxa de reposición, desaparición da contratación de subs

* Lei de Medidas: perda de días de liberdade, perda do complemento de IT, aumento

* Eliminación da paga extra de decembro

A medida que Feijoo ía recortando, ía aumentando a débeda pública. Onde está o aforro?

Se a débeda pública en 2008 era de 3.954 millóns de euros, en 2012 II chegou a 7.627 millóns de euros. Un aumento de máis de 3.500 millóns de euros en 4 anos.